

Tomou como punto cero a torre da Berenguela, na catedral de Santiago de Compostela. En 1817 iniciou os traballos da carta, realizada a unha escala 1:100.000, pero ata 1830 non obtivo o apoio oficial para a súa redacción. Nese momento queda exento de impartir clases na Universidade de Santiago de Compostela. Para realizar esta carta tivo que percorrer a pé e de a cabalo toda Galicia. Nela aparecen localizadas as 4.000 igrexas das parroquias galegas e todos os accidentes xeográficos importantes, alcanzando un nivel de detalle que non foi superado ata a aparición da fotogrametría aérea. En 1834 acabou os traballos da carta e presentouna á rexente María Cristina, que dará orde de imprimila. Ata 1845 non foi posible a súa impresión, que se realizou en París, baixo a súa dirección, polo gravador L. Bouffard.

O escritor Ramón Otero Pedrayo posuía un orixinal do mapa, que se conserva no pazo-museo de Trasalba, no municipio de Amoeiro, na provincia de Ourense. Outro orixinal do mapa xeodésico foi restaurado en 2010 pola Rede Museística Provincial de Lugo e pode contemplarse no pazo de Tor (San Xoán de Tor-Monforte de Lemos- Lugo). Así mesmo, no Parlamento de Galicia e no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense consérvanse outros exemplares.

---

### Quere visitarnos?

Entre na páxina web do Parlamento de Galicia, [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es), acceda ao portal de Participación Cidadá e cubra o formulario que atopará na sección Visitas Guiadas. Responderemos en canto recibamos a súa solicitude

**Visitas guiadas**  
 Teléfono 981 55 13 00  
[presidencia@parlamentodegalicia.gal](mailto:presidencia@parlamentodegalicia.gal)

# Domingo Fontán e a evolución da cartografía

Portas, 16 de decembro de 2017



**Programa****10.30. MESA REDONDA: Domingo Fontán. Aproximación á súa figura**

Modera: VÍCTOR ESTÉVEZ CASAL, alcalde de Portas

Participan:

- MARGARITA BARRAL MARTÍNEZ, vicedecana da Facultade de Xeografía e Historia da USC
- MARÍA ELENA VÁZQUEZ CENDÓN, decana da Facultade de Matemáticas da USC
- AFONSO VÁZQUEZ MONXARDÍN, catedrático de Lingua e Literatura galega no IES As Lagoas de Ourense

**11.15. MESA REDONDA: Cartografía en Galicia, onte e hoxe. De percorrer Galicia a pé a comezos do século XIX á cartografía por satélite**


Modera: M<sup>a</sup> REBECA LÓPEZ MÉNDEZ, vicepresidenta da Asociación Domingo Fontán

Participan:

- INÉS SANTÉ RIVEIRA, directora do Instituto de Estudos do Territorio
- FRANCISCO RAMÓN DURÁN VILLA, decano da Facultade de Xeografía e Historia da USC
- GONZALO MÉNDEZ MARTÍNEZ, experto en Cartografía, doutor en Xeografía e profesor na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo

**12.00. CLAUSURA:**

- CONCHA MÉNDEZ, presidenta Asociación Domingo Fontán
- ANXO MANUEL LORENZO SUÁREZ, secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- VÍCTOR ESTÉVEZ CASAL, alcalde de Portas
- MIGUEL ÁNGEL SANTALICES VIEIRA, presidente do Parlamento de Galicia

**12.20. ACTUACIÓN MUSICAL da soprano Marina Penas, acompañada pola Banda Municipal de Portas****12.30. REMATE DO ACTO****BIOGRAFÍA DE DOMINGO FONTÁN**

Domingo Fontán Rodríguez (Porta do Conde-Portas, 17 de abril de 1788 - Cuntis, 24 de outubro de 1866), ilustrado galego, matemático, político e xeógrafo, autor do primeiro mapa topográfico e científico de Galicia.

Pasou boa parte da súa vida vinculado á Universidade de Santiago de Compostela, onde cursou os estudos de Filosofía, Leis e Canons, Ciencias Exactas e Teoloxía e Artes. En 1811 comezou a súa carreira docente como substituto en diferentes cátedras. O curso de 1813-1814 cursou clases de matemáticas con José Rodríguez González, quen lle inspirou a idea de realizar a triangulación xeodésica de Galicia, para levantar a súa carta xeométrica, e o curso 1814-1815 substitúe o seu mestre na Cátedra de Matemáticas Sublimes, cursos que continuou impartindo ata 1818, ano en que foi nomeado presidente da Academia de Filosofía.

En 1817 comezou os seus traballos de medición para realizar a Carta xeométrica de Galicia, traballo no que investiu dezasete anos e polo que é lembrado hoxe en día. En 1834 acabou os traballos da carta e presentouse oficialmente a raíña gobernadora, María Cristina de Borbón-Dos Sicilias, quen mandou imprimila, aínda que non se puido realizar esta tarefa ata o ano 1845 en París. Este foi o primeiro mapa realizado en España con métodos científicos e medicións matemáticas.

Foi nomeado catedrático de Xeometría, Mecánica e Delineación, aplicacións ás Artes, con destino na Escola es-

pecial da Sociedade Económica de Santiago, e en 1834 tamén foi nomeado pola raíña director do Observatorio Astronómico de Madrid.

Máis tarde foi elixido deputado polo Partido Liberal Moderado pola provincia de Pontevedra, en 1836, sendo membro de diferentes comisións parlamentarias.

Participou na creación da primeira fábrica de papel de Galicia, construída en Lousame en 1810, e traballou tamén no deseño do trazado da primeira liña férrea de Galicia en 1863, que uniu Santiago de Compostela con Carril.

Está enterrado no Panteón de Galegos Ilustres, na igrexa do convento de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela.

**CARTA XEOMÉTRICA DE FONTÁN**

A Carta xeométrica de Galicia é un mapa físico de Galicia, o primeiro realizado en España con medicións matemáticas, obra de Domingo Fontán.

Domingo Fontán investiu na súa realización dezasete anos da súa vida (1817-1834). Esta obra foi o primeiro mapa feito en España con métodos científicos e medicións matemáticas (medición de bases, triangulación, altimetría barométrica, etc.). Para cartografar Galicia aproveitou os avances científicos, provenientes sobre todo de Francia, e desenvolveu unha rede xeodésica, establecendo puntos de medición e realizando neles todo tipo de cálculos astronómicos, para os que empregou instrumentos cedidos pola Universidade de Santiago e adquiridos en París e Londres.